



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Alba Castro, José Luís
Alén González, M^a Elisa
Álvarez daCosta, Estrella
Álvarez Rodríguez, Christian
Anaya Revuelta, Inmaculada
Andrés Iglesias, Jesús
Anido Rifón, Luís E.
Arias Sánchez, Pedro
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Barcia Rodríguez, Ignacio
Barreiro Alonso, Enrique
Blanco Pesqueira, Antonia
Blanco Sierra, Javier
Blanco Aragón, Francisco
Bueno Alonso, Jorge Luís
Caballero Rúa, Armando
Cabello Pérez, M^a Paloma
Cabeza Pereiro, Jaime
Cancela Outeda, Celso
Carballo González, Ángeles
Cebro Rodríguez, XoánM.
Celaya Estévez, Diego
Cid Fernández, Xosé Manuel
Costas González, Olaia
Couto Darriba, Jesús
Currás Valle, M^a Consuelo
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
De Oca Cancela, Guillermo
Deaño Deaño, Manuel
Diz Ferreiro, Paula
Diz Ferreira, Jorge
Domínguez Rodríguez, Jonathan
Domínguez González, Herminia
Domínguez Castro, Luís
Enríquez Salido, M^a del Carmen
Estévez Toranzo, Margarita
Falagán Mota, Jorge
Fariza Novoa, María
Fernández Méndez, José Luís
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández López, Francisco Javier
Fernández Freijedo, Judit
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Jáuregui, Manuel
Fernández Rey, Aser Ángel
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
Gándara Pérez, José Antonio
García Fontán, Soledad
García González, Marta
García Camba, Xavier
García Faba, Patricia
Gil Martín, Emilio
Godoy Malvar, Eduardo
González Piñeiro, Luís
González Prelcic, Nuria
González Piñeiro, Patricia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana M^a.
Gutiérrez Nieto, Manuel
Herrero Menor, Abraham
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Ferreiro, Alfonso
Llamas Nistal, Martín
Loeck Hernández, Juan
Longo González, M^a Asunción
Lorenzo Cimadevila, Henrique

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 13 de decembro de dous mil dez, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O luns, día **13 de decembro de 2010**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2010.
2. Informe anual do Reitor en cumprimento do artigo 60 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.
4. Informe sobre a creación do centro de Investigación AtlanTIC.
5. Informe sobre o cambio de denominación da E.U. de Fisioterapia, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal.
6. Informe sobre a creación da Escola de Enxeñería Industrial.
7. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2010.

Non habendo obxeccións presentadas a acta e de acordo co artigo 20 do Regulamento de réxime interno do Claustro, enténdese aprobada a acta.

Punto 2. Informe anual do Reitor en cumprimento do artigo 60 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Intervén o reitor para expor que, segundo o artigo 60 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o reitor ten que presentar no primeiro trimestre de cada curso académico ante o Claustro, un informe anual sobre a súa xestión. Comeza por recordar que tomou posesión como

Lorenzo Moura, Diego
Loveira Pazó, Rosa M^a
Martín Ortega, Elena Beatriz
Martínez Piñeiro, Manuel
Mato de la Iglesia, Salustiano
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana M^a
Méndez Abelleira, Begoña
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Morán Martínez, M^a Paloma
Moure Rodríguez, M^a José
Moure Varela, Andrés
Muñoz López, Luís
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novo Ramos, Bernardino
Orge Álvarez, Beatriz P.
Pajares Domínguez, Sergio
Paz Domonte, Enrique
Paz López, José
Pazó Martínez, M^a Consuelo
Pereira Domínguez, Alejandro
Pérez Cota, Manuel
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Seoane, Jesús
Pérez Gómez, Luís
Porto García, Javier
Quintás Corredoira, M^a Angeles
Rama Martínez, Esperanza
Ramos Cabrer, Manuel
Rey Losada, Francisco Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivero Fernández, M^a Dolores
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Rodríguez de Prado, Francisco
Rodríguez Ramilo, Silvia T.
Romo Pérez, Vicente
Rubinos López, José Óscar
Ruzicka Kenfel, Veljka
Sáez Ocejo, José Luís
Sánchez Bello, Patricio Alfredo
Sánchez Gálvez, Estevo
Silveira Valledor, Manuel
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge G.
Soto Andión, Xosé
Surís Regueiro, Juan Carlos
Terol Martín, Irene
Trancho Castro, Miguel Ángel
Tugores Martorell, Francisco
Valderrama Santomé, Mónica
Valdés Peña, M^a Dolores
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vázquez Dorrió, José Benito
Vázquez López, Ezequiel M.
Vázquez Otero, María Elsa
Vera Isasa, María
Vivas Martínez, Carlos
DESCULPANA SÚA AUSENCIA:
Basalo Domínguez, David
Fernández Fustes, M^a Dolores
González Pillado, Esther M^a
Lorenzo García, M^a Lourdes
Mena Rodríguez, Ángel
Pose Blanco, José
Rodríguez Rivas, Andreia
Vázquez Vicente, Xosé H.
Vila Alonso, M^a de las Mercedes

reitor o día 18 de xuño de 2010, polo que no que segue fará, de xeito descritivo, un informe do acontecido na Universidade na meirande parte do mandato do seu antecesor.

Continúa sinalando que o informe se estrutura en dez apartados, onde se recollen de xeito resumido os datos e feitos máis salientables do ano 2010.

1. DATOS DE MATRÍCULA.

Fai referencia en primeiro lugar a cuestións relacionadas con datos de matrícula. Na Universidade de Vigo, para o curso 2010/11, acada os 23.106 estudantes; o que supón un incremento aproximadamente do 3%. Destes estudantes, 19.058 corresponden á matrícula en graos, licenciaturas, diplomaturas e enxeñarías; 2.096 á matrícula en mestrados; 1.405 á matrícula en doutoramento; 174 a programas de intercambio e 373 ós programas de maiores.

Respecto dos graos, contabilizar un número de 3.533 estudantes de novo acceso; o que supón un incremento do 13%, a pesar de que o límite de prazas descendeu en moitas titulacións coa implantación dos graos. De feito, rexístrase un incremento importante do número de titulacións pechadas en relación ao curso anterior, do 55% ao 75%.

Con isto cubrimos o 92% da capacidade de matrícula, o cal reflicte en que esteamos moi perto do noso equilibrio entre oferta e demanda.

Respecto aos másteres a oferta global é de 73 títulos de máster universitario con 2.005 estudantes de novo ingreso, o que representa un incremento do 29% respecto do curso anterior.

2. CAMPUS DE EXCELENCIA INTERNACIONAL.

En segundo lugar expón que o Ministerio de Educación recoñeceu o proxecto Campus do Mar co selo de Campus de Excelencia Internacional coa máxima dotación económica, 5,3 millóns de euros.

Para a Universidade, como conxunto, este recoñecemento ten importantes implicacións que trascenden os ingresos acadados e que nos sitúan como referente español e europeo.

O Campus do Mar xa iniciou a súa andaina en proxectos de internacionalización cos primeiros movementos para o lanzamento da Escola Internacional de Doutoramento, integrada polas universidades de Galicia e do norte de Portugal.

Ademais, o proxecto de I+D+i e Transferencia Iniciativa Complexo ETEA-Campus do Mar da Universidade de Vigo recibirá 1,7 millóns de euros a través da convocatoria Innocampus do Ministerio de Ciencia e Innovación. Destes 1,7 millóns de euros que percibirá a institución académica viguesa, 255.000 euros son en forma de subvención procedente do Fondo Tecnolóxico Europeo, sendo a sostibilidade o ámbito específico no que se desenvolve o proxecto.

3. DOCENCIA.

En aspectos relativos á docencia o reitor informa que no ano académico 2010/2011 todas as titulacións oficiais da Universidade están adaptadas ao EEES tras a implantación dos novos graos de Enxeñaría Agraria; Enxeñaría Forestal; Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación; Comercio; Consultoría e Xestión da Información; Ciencias Ambientais; Enxeñaría en Química Industrial; Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática; Enxeñaría Eléctrica; Enxeñaría Mecánica; Enxeñaría en Organización Industrial; Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais; Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Obras Subterráneas e Enxeñaría da Enerxía. Todas elas xa comezaron a súa andaina no presente curso. A este respecto, o reitor destaca a creación da nova Escola de Enxeñaría Industrial, xa aprobada en Consello de Goberno e pendente unicamente do informe e da aprobación deste Claustro e do Consello Social. Trátase dun centro de referencia en Galicia, o segundo de maior volume, detrás da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago e con vocación de se converter no noso “buque insignia”.

As accións de mellora e innovación da docencia implicaron un esforzo importante dende o punto de vista institucional e dende a perspectiva dos profesores que as levaron a cabo.

Durante o presente ano iniciáronse algunhas accións que continuarán nos futuros cursos:

- Aportouse ás comisións de Avaliación da Actividade Docente a información necesaria para a avaliación do profesorado participante no programa “Docentia”.
- Os centros participaron na 2ª convocatoria do programa FIDES-AUDIT, co cal, todos os centros da Universidade de Vigo teñen, a día de hoxe, aprobado o seu sistema de garantía interna de calidade.
- Iniciouse o seguemento dos títulos oficiais de grao e máster.

Polo que respecta ás prácticas preprofesionais e emprego, o reitor destaca a creación da Área de Emprego dependente da, tamén nova, Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento, que pretende dar resposta á, cada vez maior, demanda dos estudantes neste eido.

4. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA.

No que atinxe á investigación, a Universidade de Vigo continúa a consolidar a súa capacidade competitiva e as súas actuacións de transferencia. No último curso participamos en proxectos europeos por importe de 2.553.300 euros. As actividades de I+D contratadas supuxeron un total de 7.281.200 euros, un 75% con empresas, un 23% con entidades públicas e un 2% con outras entidades.

En canto á propiedade industrial, o reitor sinala que se tramitaron 23 solicitudes de patentes, das cales 17 son nacionais, 4 internacionais e 2 modelos de utilidade. Como consecuencia, dos resultados da investigación da nosa universidade, creáronse 5 empresas de base tecnolóxica e 2 máis tutorizadas.

Ademais dos centros de investigación e transferencia xa existentes e dúas que están en fase de construción, aprobouse neste Claustro o informe sobre a creación do centro AtlanTIC, que reunirá aos 152 investigadores do agrupamento ACETIC.

En 2010 constituíuse a asociación Economics for Energy; un centro privado de investigación sobre economía da enerxía, do que son socios as universidades de Vigo e Pontificia Comiñas, Instituto de Estudos Fiscais, Ministerio de Economía e Ciencia, a Fundación Pedro Barrié da Maza, Acciona, Banco Santander, Caixanova, Gas Natural Fenosa e Iberdrola.

Tamén tivo lugar a presentación do proxecto internacional HUMSAT 2010-2013 liderado pola Universidade de Vigo e que implica a investigadores de máis de 30 países, que traballarán no desenvolvemento e lanzamento dunha constelación de picosatélites con fins humanitarios e para o control do cambio climático.

O programa especial de promoción para doutores acreditados permitiu incorporar no ano 2010 a 15 profesores, dos que un procedía do programa Ramón e Cajal, oito do programa Parga Pondal, dous eran axudantes e catro eran asociados.

Ademais, está en fase de resolución unha convocatoria extraordinaria deste plan especial de promoción, que pretende rescatar aos doutores que, destacando polo nivel académico acadado, nos últimos anos non foron quen de acadar unha praza para a súa área nos plans anuais.

5. PROFESORADO.

Respecto de cuestións relacionadas coa política de profesorado, o reitor informa que, ademais do xa mencionado no apartado anterior referente ao plan especial de promoción, débese ter en conta a continuidade dos programas seguintes:

- Plan propio de formación doutoral para áreas de especial dificultade. Esta mesma semana resolverase a convocatoria 2010, na que se concederán 8 bolsas para estudantes de máster e 3 bolsas para formación predoutoral.

- Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en función da carga básica por áreas/campus. Dentro deste programa creáronse en 2010: 32 prazas de profesor contratado doutor, 16 prazas de axudante doutor e 5 prazas de axudante.

- Programa de promoción á cátedra para titulares acreditados con tres ou máis sexenios de investigación e por persoal de profesorado con vinculación permanente. Estes programas permitiron a creación de 18 e 19 prazas respectivamente.

Neste último ano implantouse tamén un Plan piloto de contratos programa coas facultades de Química, Belas Artes, Ciencias e Filoloxía e Tradución.

6. PROCESOS ELECTORAIS.

Tamén fai referencia aos procesos electorais máis importantes. O día 20 de maio de 2010 celebráronse eleccións a Reitor/a, a representantes no Claustro Universitario e a representantes do PDI, estudantes e PAS nos consellos de departamento. O reitor salienta que nestas eleccións, nas votacións para elixir aos representantes da comunidade universitaria nos órganos colexiados, adoptouse un sistema de acordo cos Estatutos da Universidade e a Lei de Igualdade para garantir a paridade de sexos na composición dos órganos colexiados.

Como froito destes procesos electorais resultou elixido este Claustro e Reitor. Na mesma data da súa toma de posesión tamén tomou posesión o equipo de goberno, composto por 5 vicerreitores e 6 vicerreitoras e a secretaria xeral. O novo equipo de Xerencia foi nomeado con posterioridade e está formado por un xerente e dous vicexerentes.

O Claustro Universitario constituíuse o día 15 de xullo de 2010 e o Consello de Goberno o día 26 de xullo de 2010. No Consello de Goberno ordinario da mesma data apróbase a creación, modificación e supresión de áreas. En conxunto, a nova estrutura de dirección e xestión supón un aforro do 45% respecto dá anterior.

6. INFRAESTRUTURAS.

Respecto ao capítulo de infraestruturas, o reitor informa que no ano 2010 continuaron as obras correspondentes ao novo CACTI, ao Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI) e ao CITEXVI, estas dúas últimas a piques de ser rematadas. No Campus de Pontevedra rematouse a escola infantil que comezará a funcionar no vindeiro mes de xaneiro. Tamén, nese campus, levouse a cabo a reforma da cuberta do Pavillón Polideportivo de Pontevedra, o acondicionamento da cuberta da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación e a 2ª fase da reforma da cuberta da Facultade de Belas Artes.

No Campus de Ourense as obras máis salientables levadas a cabo foron: a adaptación e eficiencia enerxética do sistema de refrixeración-climatización do Edificio de Facultades; a construción dun campo de fútbol-rugby e das pistas de atletismo, que serán inaugurados neste mesmo mes; o inicio das obras dunha escola infantil, dun parque ambiental, así como a posta en marcha da ampliación e adaptación de espazos no Edificio Xurídico-Empresarial ao Espazo Europeo de Educación Superior.

7. EXTENSIÓN UNIVERSITARIA.

No apartado da extensión universitaria, destaca que se organizaron conferencias, concertos, óperas, cine, teatro, cursos, obradoiros e exposicións, realizadas en diferentes centros da Universidade. No referente aos deportes, debe destacarse a celebración do Congreso Mundial do Deporte Universitario, onde 269 delegados de 74 países trataron sobre as cuestións

clave para o avance do deporte universitario a nivel internacional, así como, o 11º Campionato do Mundo Universitario de Taekwondo no que participaron delegacións de 48 países.

No tocante ás competicións interuniversitarias, 98 deportistas da Universidade competiron nos Campionatos de España Universitarios, conseguindo un total de 19 medallas. En campionatos do mundo universitario participaron 3 alumnos da Universidade de Vigo conseguindo unha medalla. No deporte federado hai que salientar os éxitos do equipo de xadrez de división de honra e a clasificación do equipo de primeira división galega como campión de liga. O equipo sénior masculino A de rugby acadou o 5º posto da liga nacional na categoría de “Honra B” e proclamouse campión da Copa Xunta de Galicia.

8. IGUALDADE.

Entre as actuacións levadas a cabo en política de igualdade hai que sinalar que neste ano a Área de Igualdade ten desenvolvido un importante papel na colaboración con outras institucións en materia de igualdade. Así mesmo, tense ocupado da atención á comunidade universitaria facilitando a conciliación da vida laboral e familiar, sendo destacable a organización do Campus Camp, a elaboración dun proxecto de Plan Concilia e a organización de xornadas dirixidas a amosar e prever o acoso e a violencia, a facilitar a incorporación das mulleres á práctica deportiva, así como a proporcionar a formación necesaria para a correcta integración dos aspectos de xénero nas propostas coa finalidade de obter resultados de excelencia nas avaliacións e financiación dentro do 7º Programa Marco da Unión Europea.

Débese destacar tamén a profesionalización da Área de Igualdade, aprobada no Consello de Goberno do 26 de xullo.

9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Na Área de Normalización Lingüística, dependente agora da reitoría, organizáronse cursos de lingua galega aos que asistiron 312 persoas, das cales, un terzo eran alleas á Universidade de Vigo. En verán organizouse o IV Curso de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros ao que asistiron 25 persoas de diversas procedencias (croatas, americanos, polacos, franceses, checos, finlandeses....). Seguindo coa liña de anos anteriores, editouse material científico e didáctico, tales como glosarios, libros de toponimia, antoloxías de literatura galega esquecida, etc. Cabe salientar que, por primeira vez, se editou en Galicia un dicionario/hiztegia galego-éuscaro-galego, da autoría de Isaac Fernández. Ademais destas actividades, a Área de Normalización Lingüística implicouse na elaboración do libro “Toponimia do Val de Fragoso I.Coia”, de Ibán Sestay.

Respecto desta área, cabe sinalar a profesionalización da mesma, aprobada no Consello de Goberno do 26 de xullo, que supón o primeiro paso cara a súa conversión no Servizo de Normalización Lingüística.

Ábrese unha roda de intervencións.

Toma a palabra o Prof. Jaime Cabeza para agradecer o carácter descritivo do informe. Comeza por sinalar que bota en falta un sesgo político nas decisións que deben adoptarse. Ao seu xuízo deben abordarse tres cuestións importantes: dar máis protagonismo á Oficina de Emprego e dotala dun novo marco regulador; dotar de normativa específica ás empresas de

base tecnolóxica e ás spin-off; e a profesionalización da oficina de igualdade obriga a que a política en materia de igualdade deba estar no cerne dos modelos de decisión.

A continuación enumera outras cuestións que non son do seu agrado: a política de xestión de cargos do actual equipo de goberno debido ao incremento do número de comisionados e ao nomeamento de persoal eventual de confianza; a redución das bolsas de mobilidade de PDI; o feito de que non estea resolta a produción científica do ano 2008; o novo deseño da política de descentralización dos campus.

Ao anterior, o Prof. Jaime Cabeza engade o seu cuestionamento da interpretación realizada do art. 13 do Regulamento de funcionamento interno do Claustro, segundo a cal, non se permite con posterioridade á reunión da Mesa do Claustro incluír na orde do día un novo punto relativo ao pago íntegro das pagas extras. Tampouco comparte como posterga o nomeamento do presidente de Tribunal de Garantías. Ao seu xuízo, o presidente debe ser renovado, e mostra a súa disposición ao diálogo para consensuar o nomeamento do futuro presidente máis a renovación de todos os cargos. Respecto ao proceso de negociación do plan de financiamento do Sistema Galego de Universidades coa Xunta de Galicia, sinala que non cuestiona o proceso pero si os resultados alcanzados polo equipo da UVigo. Tamén cuestiona a política de plan de promoción dos contratos de investigación na Universidade de Vigo. Para rematar, tras protestar pola falta de tempo dispoñible para consultar a documentación relativa ás liñas básicas de política orzamentaria, apunta que a súa primeira valoración é que é continuista coas de anos anteriores. Finaliza a súa intervención agradecendo ao reitor o ton empregado na exposición do informe e pídelle unha boa gobernanza da Universidade nunha época complexa, onde quedará de manifesto a fortaleza moral e política do seu equipo de goberno.

Intervén o Prof. Armando Caballero para interesarse polo centro AtlanTIC e polo nomeamento da súa directora. Tamén se interesa pola publicación das bolsas para realizar o doutoramento.

Intervén a Prf^a María do Carmo Henríquez para expor o que se recolle no **Anexo I**.

Toma a palabra o reitor, agradece as propostas realizadas, sobre todo en materia de emprego, e avanza que os próximos informes anuais terán un carácter máis estratéxico. Con respecto ás cuestións coas que o Prof. Jaime Cabeza se manifestou en desacordo, contesta que o novo deseño da estrutura de goberno supón unha redución do 45%. Só hai un novo comisionado respecto ao que existía no anterior equipo. A súa política de nomeamentos foi exposta no Consello de Goberno, polo tanto, dun modo claro e transparente.

En orde ao pago da produción científica, comprende a queixa e comparte a preocupación polo atraso, sinala que é a súa intención que as próximas avaliacións teñan lugar o cabo do ano e o pago a principios ca apertura do orzamento anual para que se poida executar o gasto no tempo adecuado.

Respecto das obxeccións ás liñas básicas de política orzamentaria, expón que o punto 3 da orde do día aínda non foi abordado, polo que considera que se debe postergar o debate. No entanto, o reitor defende o apoio da UVigo ao Plan Galego de financiamento das universidades 2011-2015, porque contén todo o que a UVigo propuxo no seu día: recibir ingresos por razón de mérito e capacidade, eficiencia e calidade. Sinala que xa foi difícil chegar a un consenso para incluír no Plan Galego o financiamento por obxectivos. O financiamento por obxectivos e

cumprimento de resultados farase realidade no 2015, cando o total do 30% do orzamento das universidades galegas se rexa por estes criterios, algo polo que a Universidade de Vigo velará para que se cumpra ao pé da letra.

Respecto ao atraso da documentación que recolle as liñas básicas de política orzamentaria, sinala que non se puideron cumprir cos prazos para achegala co resto da achegada coa orde do día da convocatoria debido a que o documento foi aprobado o pasado venres na reunión mantida en Santiago de Compostela. Respecto da elección do presidente do Tribunal de Garantías, comprométese a traer ao próximo Claustro unha proposta consensuada sobre o profesor ou profesora que ocuparía o cargo de Defensor Universitario, así como o resto do equipo.

O reitor insiste en que non se vexa nas liñas básicas de política orzamentaria unha futura política de profesorado que non tenda a buscar un reequilibrio armónico entre os distintos ámbitos de coñecemento. Está decidido a propoer, un plan estratéxico de políticas de profesorado en coherencia co que dispón o próximo Estatuto do PDI, actualmente en fase de discusión. Finaliza agradecendo as propostas e as opinións pois son un motivo para a reflexión.

Punto 3. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación quen comeza escusándose polo atraso no envío do documento. Xustifica o atraso debido a que a reunión para a aprobación do Plan Galego de Financiamento 2011-2015 foi o pasado venres, razón pola que se dispuxo de moi pouco tempo para elaborar o documento recollendo as liñas estratéxicas.

Seguidamente, fai a súa intervención sobre as liñas básicas de actuación nos orzamentos 2011 apoiando as súas explicacións nunha presentación gráfica con soporte en power point que consta no **Anexo II**.

O vicerreitor de Economía e Planificación comeza por expor que este ano finalizou o Plan galego de financiamento universitario do quinquenio 2005-2010 que, cun financiamento claramente insuficiente, dotou ás universidades dun marco financeiro estable e que permitiu unha planificación plurianual sen demasiadas incertezas. Expón o gráfico 1 no que se describen as achegas da Xunta de Galicia ao SUG no período 2005-2010. Sinala que no mes de marzo do presente ano comeza a negociarse o novo Plan de financiamento 2011-2015, e que o actual equipo de goberno incorporouse ás negociacións no mes de xullo.

Con apoio do soporte gráfico explica a estrutura por epígrafes do novo Plan de financiamento 2011-2015: financiamento estrutural, financiamento por resultados e financiamento por calidade.

O vicerreitor de Economía e Planificación destaca que, por primeira vez, se contempla unha partida de financiamento progresivo por resultados docentes, de investigación e de transferencia, e tamén unha partida de financiamento por mellora da calidade (5% do total dos recursos) que se vincula á eficacia na xestión. Ademais, a partir de 2012, un 5% anual acumulativo do financiamento estrutural repartirase tamén en base a criterios obxectivos. Resume que é importante a introdución dunha parte do financiamento por resultados docentes, de investigación e de transferencia xa desde 2011, de forma que en 2015, aproximadamente un terzo dos recursos totais se distribúan por resultados e criterios obxectivos.

Respecto da previsión orzamentaria de ingresos, sinala que, aínda que o plan de financiamento para o sistema universitario de Galicia non está asinado e pode sufrir modificacións, o orzamento da Universidade de Vigo a executar ao longo do exercicio 2011 estímase en 167.903.853 euros, o que supón unha redución do 4,6 % sobre o total do exercicio do 2010. Sinala que, tendo en conta a actual situación económica, a dotación de recursos para 2011 merece unha valoración positiva, se ben subliñou que adoece dunha falta de compromiso suficiente para o horizonte contemplado no plan, e que, vista a distribución de fondos para 2011, os criterios de repartición poden estar supeditados á vontade política.

Expón a distribución dos fondos por capítulos, así como, a análise dos programas de gasto.

Termina a súa intervención agradecendo o exhaustivo informe da CIG sobre o estudo comparativo do persoal de PAS e PDI das universidades galegas. En canto ás propostas de actuación que se fan no documento, son coincidentes coa disposición do equipo de goberno, pero sen esquecerse do difícil contexto financeiro. Sinalou que están abertos a negociar a adecuación da relación de postos de traballo ás necesidades da institución, sendo tres os eixos principais dos ámbitos que se propón: a modernización da administración universitaria, o reto que supón o Espazo Europeo de Educación Superior e o desenvolvemento de estratexias internas de descentralización e desconcentración da xestión e á prestación de servizos.

Abrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Christian Álvarez para protestar polo atraso no pago das bolsas. Expón que obriga a estudantes con bos expedientes a abandonar os estudos por non poder facer fronte ao pago das taxas. Solicita unha nova regulación que permita con carácter xeral aprazar o pago de taxas.

Intervén o Sr. Sergio Pajares que le o texto que se recolle como **Anexo III**. Agradece a atención prestada.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro, quen sinala que, aínda que o documento represente as liñas básicas de política orzamentaria, bota en falta que non estea relacionado co programa electoral e o Plan Estratéxico da Universidade. Continúa facendo valoracións sobre o Capítulo I dedicado a gastos en persoal, en concreto, que non se fai referencia ao compromiso salarial co PDI. Por outra banda, pregunta como se vai afrontar o compromiso de equilibrar os planteis de profesorado dos diferentes ámbitos.

Respecto ao Capítulo II, referido a gastos correntes, pregunta como se vai facer fronte ao incremento de traballo que supón a redución de asistencias técnicas. Respecto das desgravacións pola actividade docente, fai un chamamento ao equipo de goberno para deseñar un novo modelo de desgravacións docentes. Respecto das infraestruturas científicas, sinala que non hai ningunha nos campus de Ourense e Pontevedra. Aconsella a implantación do sistema de Data Warehouse.

Así mesmo, interésase pola política orzamentaria das sociedades participadas, en concreto polo CITE XVI. Finaliza a súa exposición cualificando o documento que recolle as liñas básicas de política orzamentaria como un documento pleno de vaguedades máis que de prioridades.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para facer constar a súa protesta por incumprir o prazo legal para enviar a documentación relativa ás liñas básicas de política orzamentaria.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para facer unha reflexión sobre o cociente PAS/alumnos na Universidade de Vigo. Tamén opina que é unha boa noticia que se recorte o capítulo de gastos correntes, pero solicita que estes recortes non recaian sobre os alumnos. Para rematar, agradece aos representantes da CIG o informe realizado para garantir unha política digna dos traballadores.

Intervén a Prof. María do Carmo Henriques quen, tras expor a falta de tempo para consultar a documentación contradicindo o establecido no Regulamento de funcionamento interno do Claustro, continúa a súa intervención cunha reflexión sobre a privilexiada xornada laboral dos profesores de Universidade, polo que, cuestiona que se acumulen horas de desgravación docente. Sinala que hai que aplicar un plan de austeridade para axustarse á realidade, polo que comparte co vicerreitor de Economía a racionalidade no gasto.

Intervén o Sr. Xan Cebro para completar aspectos do infome recollido no Anexo III.

Ao fío da exposición, fai outras valoracións sobre: a descentralización de servizos nos campus de Ourense e Pontevedra; a necesidade de negociar a RPT porque a actual é obsoleta, a necesidade de planificación da xestión porque hai servizos sobredimensionados, a funcionarización do PAS laboral e o cumprimento da Disposición Adicional 4ª e a Disposición Adicional 9ª do mesmo Convenio Colectivo. En canto á formación, dá lectura do último plan de formación da UDC que permite estancias fóra. Para rematar, en acción social, fai valoracións sobre o custo real das prexubilacións.

Intervén o vicerreitor de Economía para responder:

En relación ao Sr. Chistiam Álvarez, sinala que a Universidade de Vigo non pode asumir con recursos propios o falta de ingresos das bolsas do MEC. O que si se pode facer é traballar e xestionar mellor o pago destas, pero non pode asumir os fallos na concesión de bolsas a estudantes.

Con respecto á intervención do Sr. Sergio Pajares, coincide co preámbulo filosófico coas cuestións que afectan ao PAS e adianta que o goberno está aberto a unha negociación da RPT con todas as consecuencias e cos mesmos obxectivos. Sinala que hai que abrir un proceso de negociación sereno sobre a carreira profesional e a disposición é avanzar nesa dirección.

Ao Prof. Enrique Barreiro respóndelle que algúns dos seus argumentos están expostos en clave de contenda electoral, pero que as eleccións son dentro de catro anos. Respecto de que o documento é vago, infórmalle que se trata das liñas básicas de política orzamentaria e non dos orzamentos. Respecto da redución das asistencias técnicas para diminuír o gasto corrente, compensáranse coa meirande implicación do persoal propio.

Respecto ás críticas sobre o sistema informático, adianta que xa se está traballando na implantación do sistema Data Warehouse para ter unha base de datos única e integral. Respecto das infraestruturas do Campus de Ourense, volve a referirse á conxuntura económica actual.

Respecto dos programas de promoción, o vicerreitor de Economía e Planificación sinala que é vontade do equipo de goberno alcanzar o reequilibrio entre ámbitos de coñecemento, pero insiste en que, respecto ao documento que se trae, o Claustro non é o lugar idóneo para entrar en detalle. As vaguedades do documento de liñas xerais de política orzamentaria concrétanse no proxecto de orzamentos que se presente no Consello de Goberno.

Respecto da intervención do Prof Jaime Cabeza, remítese á explicación que xa ofreceu ao Prf. Enrique Barreiro, e que a súa protesta enténdea en clave política.

Ao Sr. Estevo Sánchez dálle as grazas por comprender a filosofía que está na base da xestión económica.

Ao señor Xan Cebro agradécelle o ton da súa intervención, móstralle a súa disposición a falar de todo o que se recolle no informe que expuxo ante os membros do Claustro e que está disposto a traballar en todo sen condicións previas.

Respecto ao tema do pago íntegro das pagas extras de 2009/2010, sinala que por grande que sexa a vontade política de realizar os pagamentos, nin este reitor nin este equipo de goberno, adoptarán ningunha decisión mentres non teñan plena seguridade xurídica de que poden facelo. E a día de hoxe non a teñen.

Seguidamente toma o reitor a palabra e di que coinciden en compartir a súa visión sobre a Uvigo que é máis ampla que o que se refire ao espazo do exercicio 2011. Sinala que coa aceptación do Plan de financiamento o que se está xogando a UVIGO non é o financiamento do 2011, se non, como se planifica a Universidade nos próximos cinco e incluso como debe ser a gobernanza e o futuro máis alá do 2015. A situación de partida da Xunta de Galicia era un axuste entre o 6% e o 12% e ese era o punto de partida da negociación.

Procédese á votación:

Votos a favor: 60

Votos en contra: 14

Abstencións: 6

Punto 4. Informe sobre a creación do centro de Investigación AtlanTIC.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para expor aos membros do Claustro que, de acordo co art. 14 dos Estatutos da Universidade de Vigo, *a Universidade de Vigo, por acordo do Consello Social, a instancia do Consello de Goberno, previo informe preceptivo do Claustro, poderá instituír centros de carácter público dedicados á docencia, investigación ou a creación artística.* Igualmente o artigo 35.h) dispón que é competencia do Claustro a emisión dun informe preceptivo sobre os centros de carácter público dedicados a docencia, investigación ou á creación artística.

A secretaria xeral informa que o Consello de Goberno aprobou na súa sesión de 11 de xuño de 2010 a creación do AtlanTIC e que tamén foi aprobada polo Consello Social, polo que, só queda o trámite do informe favorable do Claustro.

Apróbase por asentimiento.

Punto 5. Informe sobre o cambio de denominación da E.U. de Fisioterapia, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para expor os trámites legais que, de acordo co artigo 12 dos Estatutos e 8 da LOU, deben observarse para autorizar os cambios de denominación da Escola Universitaria de Fisioterapia, da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación e da Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal, os cales establecen que a creación, modificación e supresión de facultades e escolas será acordada pola Xunta de Galicia co acordo do Consello de Goberno tralo informe favorable do Consello Social.

O art. 39.g) dos Estatutos dispón que é competencia do Consello de Goberno a *tramitación e proposta á Xunta de Galicia sobre a creación, modificación ou supresión de facultades ou escolas ou institutos universitarios de investigación, segundo o informe preceptivo do Claustro.*

Tendo o cambio de denominación a aprobación do Consello de Goberno na súa sesión do 13 de outubro, é preceptivo obter o informe previo favorable do Claustro para enviar á Xunta de Galicia as seguintes propostas de cambio denominación:

- E.U. de Fisioterapia por Facultade de Fisioterapia.
- ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación por Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (en galego), Escuela de Ingeniería de Telecomunicación (en castelán), Telecommunication Engineering School (en inglés).
- Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal por Escola de Enxeñaría Forestal.

Apróbase por asentimento dar informe favorable para os cambios de nome solicitados.

Punto 6. Informe sobre a creación da Escola de Enxeñaría Industrial.

Toma a palabra a secretaria xeral para dar conta aos membros do Claustro de os trámites legais que, de acordo co art. 12 dos Estatutos e 8 da LOU, deben observarse para autorizar a creación da Escola de Enxeñaría Industrial. Sinala que a memoria estivo exposta a información pública ata o día 27 de setembro na páxina web da Universidade, non se presentaron no devandito período ningunha alegación á memoria. A documentación presentada pasou pola COAP e obtivo o informe favorable. Foi aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 12 de outubro de 2010 e informado favorablemente polo Consello Social, polo que, de acordo co art. 39.g) dos Estatutos, só falta o informe preceptivo do Claustro para enviar á Xunta de Galicia a proposta de creación por fusión dos dous centros.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para solicitar que o centro se denomine Escola de Enxeñaría Industrial en lugar de Escola de Enxeñaría Industrial, posto que é o emprego correcto do termo. Intervén a Pr^{fa} María do Carmo uníndose ao rogo do Sr. Estevo Sánchez. Establécese un pequeno debate coa secretaria xeral, que informa que a primeira opción foi a aprobada pola Xunta de Centro. Pronunciáronse en contra da denominación de Escola de Enxeñaría Industrial 6 persoas.

Apróbase por asentimento dar informe favorable.

Punto 7. Rogos e preguntas.

Intervén a Prof^a Inmaculada Anaya rogando que o profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución participe no Foro Empresa Universidade.


Intervén o Prof. Alfonso Lago para preguntar polo Máster de Enxeñaría Industrial da USC e se o reitor ten pensado acudir a instancias xudiciais para impugnalos. Fai un rogo para que se revise a programación da plataforma da Secretaría Virtual, pois aparecen diversos erros como:

- a) Cando se solicita unha estatística dunha materia, na pestaña aparece o logo da USC.
- b) Cando se accede ao POD para o vindeiro curso, aparece o Campus da Coruña como campus pertencente á Universidade de Vigo.

Toma a palabra o reitor, que di que espera que o tema do Máster de Enxeñaría Industrial se trate no próximo Consello de Universidades, que fará o posible para que se solucione no mesmo órgano onde se aprobou, e que, polo momento, non considera eficaz á estratexia xudicial.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 horas do día 13 de decembro de 2010, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co v^o. e pr. do Reitor.


O Reitor
Salustiano Mato de la Iglesia


A Secretaria Xeral
M^a Inmaculada Valeije Alvarez